


APRENDE COAS MULLERES GALEGAS

actividades



ANTONIA FERRÍN

(Ourense 1914 – Santiago de Compostela 2009)

Foi unha matemática e astrónoma galega que obtivo as licenciaturas de químicas, farmacia e matemáticas e que traballou de mestra de escola, de instituto e de universidade.

Destacou como investigadora, publicando en revistas especializadas como *Urania*, e foi a primeira muller en defender unha tese de astronomía en España: *Observacións de pasos por dúas verticais*, dirixida por Ramón María Aller. Realizou esta tese na Universidade de Santiago de Compostela.

Foi a madriña dos 50 anos da licenciatura de matemáticas da Universidade de Santiago de Compostela.

E ti, queres saber máis?

Sabías que..? Antonia Ferrín recordaba o frío que pasaba polas noites cando ía ver as estrelas ao Observatorio Astronómico da Universidade de Santiago de Compostela.

MULLERES GALEGAS

opina

Como era muller tiña que levar saia, porque non estaba ben visto que levase pantalóns:

...non se consideraba unha prenda feminina e soamente as actrices de cine más atrevidas ousaban lucilos na gran pantalla.

Reflexiona e responde:

Que opinas da imposición de que as mulleres leven determinada vestimenta?

Antonia Ferrín foi unha grande astrónoma. Identifica e subliña os aparellos que empregaba para realizar o seu traballo.


Microscopio; sacho; telescopio; biblioteca astronómica; compás; submarino; ordenador para medir distancias entre planetas; nasa para coller polbos

Colorea esta nena
que quiere ser
astrónoma.

Decora o ceo con estrelas,
planetas e o que queiras.

MULLERES GALEGAS


colorea



Sabías que...?
O coñecemento
da astronomía
serve para poder
orientarse pola noite.
Así, a Estrela Polar
marca sempre o norte.

MULLERES GALEGAS

debuxa



Nunha noite sen nubes, se non hai contaminación luminosa,
olla cara ao ceo e desfruta observando as estrelas.
Atopa a constelación da Osa Menor e busca a Estrela Polar.
Así saberás onde está o norte.

O mundo do espazo
ten influencia en moitas
facetas da nosa vida.

MULLERES GALEGAS

relaciona

Por exemplo, os días da semana
están relacionados con planetas e satélites.

Une con frechas relacionando os días da semana cos planetas:

Luns	Marte
Martes	Lúa
Mércores	Saturno
Xoves	Xúpiter
Venres	Mercurio
<i>Saturday</i>	Venus

Atopa na rede información das seguintes
mulleres relacionadas co espazo:

Valentina Tereshkova
Hipatia
Maria Cunitz
Jocelyn Bell Burnell

Escribe unha historia imaxinando que es a primeira astronauta galega e vas facer unha viaxe espacial.

MULLERES GALEGAS

imaxina



Nesta historia deberán aparecer:
o lugar de Galicia do que vai saír a nave, outra compañeira astronauta para que te acompañe na misión, o destino ó que chegaredes, a comida que levades e un libro da túa escritora favorita.

Comproba
as túas
actividades.

MULLERES GALEGAS soluciona

opina

Microscopio; sacho; telescopio; biblioteca astronómica; compás; submarino; ordenador para medir distancias entre planetas; nasa para coller polbos

relaciona

